

ACTIVIDADES



1. Que interferencias atopas nos diálogos das dúas viñetas? Identifícaaas e trata de explicar por que se orixinan. Como habería que dicilo correctamente en galego?



2. Procura as palabras que se corresponden con estas definicións:

- Aparello consistente nunha superficie circular onde están representados os puntos cardinais, cunha agulla imantada que indica a dirección norte.
- Doce grande, polo xeral de forma redonda e plana, que se serve cortado en porcións.
- Tubo das armas de fogo por onde sae o proxectil.
- Variña moi pequena de madeira ou de papel cuberto de cera, cunha cabeza de material inflamable que arde ao fretala contra unha superficie.
- Comproba que as tes ben escritas. Puxeche algún castelanismo?

3. Os castelanismos están moi introducidos na nosa fraseoloxía. Nestas dúas columnas aparecen frases coa forma galega e coa castellanizada. Copia no teu caderno a correcta e pon ao seu lado a castellanizada.


Menos dá unha pedra	Ser un lince
Falar dos biosbardos	Apaga e vámonos
Acabou o conto	De boquilla
Cara de ferreiro	Algo é algo
Con pés de la	De puntillas
Pola boca pequena	Irse polos cerros de Úbeda
Mexar fóra do testo	Menuda a fixeches
Fixéchela boa!	Andar polas ramas
Ser agudo como un allo	Cara de poucos amigos

4. Nestes enunciados hai varios castelanismos. Volve escribilos en galego correcto no teu caderno:

- Os racimos que habían recollido estaban podridos.
- Ten antoxos un pouco raros: un día unha veleta, outro un estuche.
- Como se lle ocorre ir comprar un guante de terciopelo a unha floristería?
- Non ten compasión polos que non aguantan o sonido moi alto.
- Atopou unha bombilla nun peldaño da escaleira. Quen faría este acto incalificable?
- Está aínda aturrido por aquela explosión tan intensa.

Axuda

Racimos: acios.



;-)